

MEMORIA DE ACTIVIDADES FINANCIADAS A CARGO DO PACTO DE ESTADO 2024

Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade
[Oficina para a Igualdade de Xénero](#)



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Contido

1.	INTRODUCCIÓN.....	3
2.	ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 1: RUPTURA DO SILENCIO: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN .5	
a.	Deseño e posta en marcha do programa formativo en materia de igualdade, educación afectivo-sexual, diversidade e non discriminación para o alumnado da UDC (medida 1.1.3).....	5
b.	Programa formativo en materia de igualdade para o alumnado cativo da UDC.....	6
c.	Deseño e posta en marcha de programas formativos en materia de igualdade para o profesorado da UDC (medida 1.1.15)	10
d.	Deseño e posta en marcha de programas formativos en materia de igualdade para o persoal técnico, xestión e servizos (PTXAS) (medida 1.1.15).....	12
e.	Accións formativas en relación coa perspectiva de xénero na docencia universitaria (medida 1.1.4)	13
f.	Premios aos traballos académicos (TFG, TFM, teses) con perspectiva de xénero (medida 1.1.4)	14
g.	Campañas de difusión a través de diversos soportes: cartalaría e folletos, redes sociais e, en xeral, as TIC (medida 1.2.26)	15
3.	ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 5: IMPULSO DA FORMACIÓN QUE GARANTE A MELLOR RESPONSA ASISTENCIAL	25
a.	Organización de cursos e xornadas de formación orientadas a alumnado e profesorado das titulacións relacionadas co ámbito do audiovisual, ademais de a xornalistas (medida 5.224)	25
4.	ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 8: VISUALIZACIÓN E ATENCIÓN A OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.....	27
a.	Organización da II Xornada Interuniversitaria Galega Submisión química e Violencia machista (medida 8.255)	27
b.	Concurso María Balteira de creacións artísticas para a prevención do acoso e para dar publicidade ao protocolo de actuación ante situacións de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero (medida 8.254)	28
5.	LISTAXE DE ANEXOS	31

1. INTRODUCCIÓN

Nesta memoria preséntanse as actividades financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade) incluídas no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Universidade da Coruña.

Estas actuacións encádranse nos diferentes obxectivos definidos no documento refundido final do Pacto de Estado (PE) contra a violencia de xénero, en concreto nos seguintes eixes e medidas:

EIXE 1: RUPTURA DO SILENCIO: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN

- **Medida 1.1.3.** Reforzar e ampliar, en materia de educación, os valores igualitarios e a educación afectivo-sexual obrigatoria en todos os niveis educativos, e fomentar que estes se enfoquen de forma integral (aspectos fisiolóxicos e afectivo-emocionais).
- **Medida 1.1.4.** Incluír, en todas as etapas educativas, a prevención da violencia de xénero, o machismo e as condutas violentas, a educación emocional e sexual e a igualdade, o valor da diversidade e a tolerancia.
- **Medida 1.1.15.** Ofertar nos programas de formación permanente do profesorado un programa específico de prevención e loita contra a violencia de xénero.
- **Medida 1.2.26.** Realizar campañas que teñan como público obxectivo a mocidade, utilizando preferentemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
- **Medida 1.2.34.** Formar a mocidade sobre o uso axeitado e crítico de Internet e das novas tecnoloxías, especialmente na protección da privacidade e sobre os cibercriminosos (axexo ou *stalking*, mensaxaría sexual ou *sexting*, ciberengado de menores ou *grooming* etc.).

EIXE 5: IMPULSO DA FORMACIÓN QUE GARANTE A MELLOR RESPONSA ASISTENCIAL

- **Medida 5.224.** Impulsar a formación especializada en violencia de xénero para os/as profesionais dos medios de comunicación.

EIXE 8: VISUALIZACIÓN E ATENCIÓN A OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

- **Medida 8.255.** Fomentar a investigación en violencias sexuais: estudos diagnósticos, desenvolvemento estatístico, unificación de datos e publicidade destes. Realizar estudos de prevalencia e o deseño de indicadores para todos os tipos de violencias sexuais.

- **Medida 8.254.** Diseñar programas de prevención, detección e protocolos especializados, ou actualizar os existentes en atención e actuación, para os adaptar ás especificidades das diferentes violencias sexuais. Desenvolver protocolos de intervención e detección precoz en todos os ámbitos educativos.
- **Medida 8.265:** Desincentivar a demanda de prostitución mediante campañas de concienciación e obradoiros de sensibilización dirixidos aos mozos

2. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 1: RUPTURA DO SILENCIO: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN

a. Deseño e posta en marcha do programa formativo en materia de igualdade, educación afectivo-sexual, diversidade e non discriminación para o alumnado da UDC (medida 1.1.3)

O programa de formación denominouse Plan de formación en igualdade de xénero (PFOIX) desenvolveuse en colaboración co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) da Universidade da Coruña (UDC). Ofertáronse dous cursos voluntarios para o alumnado, que se impartiron on line en dúas edición (a primeira no primer semestre do ano e a segunda no segundo semestre).

Na táboa 1 figura un resumo dos cursos organizados, co número de asistentes e a medida específica do PE que abarca cada curso. Ademais, no anexo I inclúense as fichas coa información estendida da temática que se tratou en cada un deles.

Descrición	Medida PE	Datas	Duración	Ámbito	Prazas	Asist.	M (%)
Violencia dixital	1.1.3 1.1.4	7,12,14 Marzo (Curso 2023/24)	10	xeral	30	29	75%
Violencia dixital	1.1.3 1.1.4	17,24,31 outubro 7,14 novembro (Curso 2024/25)	10	xeral	30	30	73,3%
Prevenición da violencia de Xénero na UDC	1.1.3 1.1.4	15 de outubro ao 15 de novembro e 15 e 29 de outubro e 5 de novembro do 2024 (Curso 2024/25)	10	Xeral	30	26	77%
Análise de xénero na investigación	1.1.3 1.1.4	2-31 maio (Curso 23/24)	12	Alumnado doutoramento	15	14	79%

Análise de xénero na investigación	1.1.3 1.1.4	22/10 ó 15/11 e 22, 29/10 e 5/11 (Curso 24/25)	12	Alumnado doutoramento	15	15	80%
------------------------------------	----------------	--	----	-----------------------	----	----	-----

Táboa 1. Cursos ofertados ao alumnado

b. Programa formativo en materia de igualdade para o alumnado cativo da UDC

Dada a problemática que xa se detectara anteriormente nos cursos optativos de formación en igualdade e prevención da violencia machista, onde se matriculan fundamentalmente mulleres, continuouse coas “Pílulas de Igualdade” unha dinámica iniciada no ano 2022, consistente en realizar cursos presenciais de menos horas, pero impartidos dentro das aulas en horario de clase. Isto supuxo un grande esforzo de coordinación entre os docentes dos distintos graos, mostra da implicación que ten o PDI da nosa universidade.

Este ano as “Pílulas de Igualdade” centráronse no alumnado das facultades de Ciencias da Educación e Ciencias da Comunicación, que están expresamente mencionadas no Pacto de Estado e tamén no alumnado da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (EPEF) e na Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas (ETSN), por seren centros altamente masculinizados.

Nos graos de Ciencias da Educación relacionáronse os contidos impartidos nestes cursos co resto da docencia do cuadrimestre e así potenciouse a aprendizaxe e formación en igualdade das persoas que no futuro serán mestres e mestras. Por último, no grao de Comunicación e Audiovisual fixéronse dous talleres: un de comunicación inclusiva e outro de deseño de memes feministas, adaptando a formación con perspectiva de xénero aos contidos docentes do grao.

O alumnado valorou a formación recibida moi positivamente, pois puntuou con notas moi altas os contidos tratados nos cursos (unha parte do curso dedicouse a falar de masculinidades non hexemónicas) e as metodoloxías elixidas, moi dinámicas e participativas.

A estratexia de público cativo foi nun primeiro lugar algo complexo, polas reticencias do alumnado e a complexa organización para encaixar as pílulas dentro das horas de clase, pero as dinámicas levadas a

cabo deron como lugar unha participación elevada. O alumnado veu a necesidade e a valía deste tipo de formacións.

Cabe destacar o traballo realizado na ETSN, onde houbo un ambiente hostil con discursos sobre a negación das desigualdades de xénero por parte dos alumnos.



Claves para educar en igualdade desde unha perspectiva interseccional e previr a violencia de xénero

Na Táboa 2 figura un resumo dos cursos organizados, co número de asistentes e a medida específica do PE que abarca cada curso. Ademais, no anexo I inclúense as fichas coa información estendida da temática que se tratou en cada un deles.

Descrición	Medida PE	Datas	Duración	Ámbito	Prazas	Asist.	M (%)
Chaves para educar en igualdade e previr a violencia de xénero	1.1.3 1.1.4	22-28 outubro 4-12 Novembro	8 h	Alumnado do grao en Educación Infantil (2 grupos)	132	132	86%

Coeducación emocional: educación, emocións e igualdade como ferramenta de transformación	1.1.3 1.1.4	21, 22, 23 24, 29, e 30 de outubro	16 h	Alumnado do Grao en Educ. Primaria. (6 grupos) Fac. Ciencias da Educación	156	144	81%
Coeducación emocional: educación, emocións e igualdade como ferramenta de transformación	1.1.3 1.1.4	15,16,17 e 18 outubro	16 h	Alumnado do Grao en Educ. Soc. (4 grupos) Fac. Ciencias da Educación	107	91	89,8%
Pílulas de Igualdade: a mirada violeta	1.1.3 1.1.4	25 de setembro e 9 e 16 de outubro	6h	2º curso GRAO EN ENXEÑERÍA MECÁNICA (EPEF)	40	40	10%
Pílulas de Igualdade: a mirada violeta	1.1.3 1.1.4	26 de setembro e 10 e 17 de outubro	6h	2º curso GRAO EN ENXEÑERÍA EN TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS (EPEF)	12	12	58%
Pílulas de Igualdade: a mirada violeta	1.1.3 1.1.4	23 e 30 de outubro	4 h	3º curso de Tecnoloxía Química do GRAO EN ENXEÑERÍA EN TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS	8	8	37%
Pílulas de Igualdade: a mirada violeta	1.1.3 1.1.4	24 outubro	2h	ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE NAÚTICA E MÁQUINAS	22	22	14%
Cara unha comunicación inclusiva	1.1.3 1.1.4	1 de outubro presencial e 19 online	8h	2.º Grao en Comunic. Audiovisual	60	50	48%
Obradoiro de creac. De memes feministas	1.1.3 1.1.4	8 de outubro	8h	1.º Grao en Creac. Dixital	60/65	51	53%
Obradoiro de creac. De memes feministas	1.1.3 1.1.4	17 e 18 outubro	8h	1.º Grao en Comunicac. Audiovisual	60/65	46	65,2%

Táboa 2. Cursos ofertados ao alumnado cativo



PÍLULA FORMATIVA

IGUALDADE DE XÉNERO PARA A TRANSFORMACIÓN PERSOAL



Comunicar en igualdade

Figura 2. Carteis das píulas formativas destinadas ao público cativo

Dedicada ao alumnado da Facultade de Dereito, o 8 de novembro organizouse unha xornada para conmemorar os vinte anos da primeira lei integral contra a violencia de xénero LO 1/2004. Baixo o título “Dúas décadas de loita: balance e perspectivas da Lei Integral contra a Violencia de Xénero” abordáronse

cuestións xurídicas relacionadas coas violencias machistas e a protección das mulleres, o tratamento xurídico que se fai nos casos de violencia de xénero e o futuro da lexislación.

Na fotos da Figura 3 achegase o cartaz da xornada e os títulos e persoas relatoras das charlas. Asistiron un total de 80 persoas (60% mulleres).



Figura 3. Programa da Xornada desenvolta na Facultade de Dereito da UDC

10.00h. Inauguración

10.30h. A LO 1/2004: 20 anos de evolución na protección ás mulleres

María Belén Rubido de la Torre
Maxistrada Xuíza Decana nos Xulgados de Pontevedra

11.00h. O papel da Fiscalía e a importancia da especialización na loita contra a violencia sobre a muller

Paula Cajaraville Leiro
Fiscal Delegada da especialidade de Violencia sobre a Muller na Fiscalía Provincial de Pontevedra

11.30h. Perspectiva de xénero na fase de admisión da proba

Ana Rodríguez Álvarez
Prof. Dereito Procesual · Universidade Santiago de Compostela

12.00h. Xulgar con perspectiva de xénero

Fernando Lousada Arochena
Maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
Prof. Dereito Procesual · Universidade da Coruña

12.30h. Prestacións e servizos en materia de violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro
Director Xeral de Loita contra a violencia de xénero

13.00h. Peche da actividade

c. Deseño e posta en marcha de programas formativos en materia de igualdade para o profesorado da UDC (medida 1.1.15)

A oferta formativa para o profesorado centrouse en tres cursos: un básico ofertado para o PDI novel (profesorado que leva poucos anos dando clase) impartido en dúas edicións, primeiro semestre e segundo semestre; o segundo orientado a prevención da violencia de Xénero na UDC, e terceiro enfocado a introdución da perspectiva de xénero na docencia en liña.

Na Táboa 3 figura un resumo dos cursos organizados, co número de asistentes e a medida específica do PE que abarca cada curso. Ademais, no anexo I inclúense as fichas coa información estendida da temática que se tratou en cada un deles.

Descrición	Medida PE	Datas	Duración	Ámbito	Prazas	Asist.	M (%)
Igualdade, responsabilidade social e ambiental universitaria	1.1.15	1-29 Febreiro (Curso 23/24)	12	PDI novel	30	30	67%
Igualdade, responsabilidade social e ambiental universitaria	1.1.15	1-31 Outubro 2024 (Curso 24/25)	12	PDI novel	30	30	57%
Análise de xénero na investigación	1.1.15	do 22 de outubro ao 15 de novembro de 2024 (Curso 24/25)	12	Alumnado doutoramento e profesorado	30	18	83,3%
Prevenición da violencia de Xénero na UDC	1.1.15	2-31 de maio (curso 23/24)	12	Xeral	30	30	90%
Perspectiva de Xénero na docencia en liña	1.1.15	14 outubro ao 15 novembro (Curso 24/25)	10	Xeral	30	23	83%

Táboa 3. Cursos ofertados ao Persoal Docente e Investigador (PDI)

d. Deseño e posta en marcha do programa formativo en materia de igualdade, educación afectivo sexual, diversidade e non discriminación para o persoal técnico, xestión e servizos (PTXAS) (medida 1.1.15)

Dada a boa acollida do curso de Prevenición da Violencia de Xénero na UDC nas pasadas edicións, este ano decidiuse amplialo e ofertalo tamén ao PTXAS. Na Táboa 4 figuran os datos do número de asistentes e a medida específica do PE que abarca este curso. Ademais, no anexo I inclúense a ficha correspondiente coa información estendida da temática que se tratou. O curso enfocouse na prevención das violencias machistas dentro da academia e como acoller as vítimas en caso de ser necesario.

Descrición	Medida PE	Datas	Duración	Ámbito	Prazas	Asist.	M (%)
------------	-----------	-------	----------	--------	--------	--------	-------

Prevenición da violencia de Xénero na UDC	1.1.15	14 outubro ao 4 de novembro	12	PTXAS	30	14	72,8%
---	--------	-----------------------------	----	-------	----	----	-------

Táboa 4. Curso ofertado ao Persoal Técnico, Xestión e Servizos (PTXAS)

e. Accións formativas en relación coa perspectiva de xénero na docencia universitaria (medida 1.1.4)

Coma en anos anteriores e co obxectivo de fomentar a inclusión da perspectiva de xénero nas materias das distintas titulacións que se imparten na Universidade da Coruña, este ano completouse a colección de **Guías en galego para unha docencia con perspectiva de xénero** con 3 guías novas, traducindo e maquetando as guías xa editadas pola Xarxa Vives Universitat, sobre as especialidades de Enxeñaría naval, mariña e náutica, Administración e Dirección de empresas e Ciencias da Actividade física e do Deporte. Esta actividade foi realizada en conxunto coas oficinas das tres universidades do SUG para acadar unha maior difusión.

As guías xa traducidas e maquetadas están a disposición da comunidade universitaria na páxina web da Oficina para a Igualdade de Xénero (<https://bit.ly/3VphRRA>).

A asistencia ao **XVII ENCUENTRO DE UNIDADES DE IGUALDAD** organizado o 23 e 24 de Maio, pola Red de Unidades de Igualdad de Género para la Excelencia Universitaria (RUIGEU), supuxo un punto de encontro e intercambio de experiencias entre as diferentes unidades de igualdade das universidades que conforman a rede, nesta ocasión a Universitat de les Illes Balears foi a acoledora do encontro.

Desde a súa primeira edición en 2008, o encontro RUIGEU estableceuse como un espazo esencial para o traballo colaborativo interuniversitario, co fin de optimizar os recursos dispoñibles nas universidades españolas en prol da igualdade de xénero. Este evento non só resalta o labor realizado pola comunidade universitaria nesta área, senón que tamén promove o desenvolvemento de políticas comúns e o fortalecemento de vínculos para combater calquera forma de discriminación por razón de sexo.

Ao longo do encontro, exploráronse os desafíos actuais que afrontan as institucións educativas superiores respecto a igualdade de xénero, abarcando temáticas críticas como os cambios legislativos e normativos máis recentes e as ferramentas das que dispoñen as unidades de igualdade para avanzar, incluíndo os plans de igualdade e os protocolos contra o acoso sexual e por razón de sexo..

O programa completo das xornadas pode consultarse na páxina web do evento ([ligazón](#)).

f. Premios aos traballos académicos (TFG, TFM, teses) con perspectiva de xénero (medida 1.1.4)

Como todos os anos convocouse o concurso para premiar os mellores traballos de fin de grao ou mestrado con perspectiva de xénero. Na duodécima edición dos premios Ángeles Alvariño foron premiados dez traballos que destacaron pola súa calidade e orixinalidade, ademais da acertada metodoloxía que se usou para incluír os aspectos de xénero en temáticas moi diferentes. No anexo III inclúese a convocatoria e a resolución dos premios. Por outra banda, a entrega de premios realizouse nun acto organizado polo 25 de novembro, onde as persoas premiadas falaron dos aspectos máis destacables dos seus proxectos (véxase o [programa do acto oficial polo 25N](#)).





Figura 4. Cartaz do XII Concurso Ángeles Alvariño e fotos do acto do 25N coas premiadas

g. Campañas de difusión a través de diversos soportes: cartelaría e folletos, redes sociais e, en xeral, as TIC (medida 1.2.26)

Durante este período fixéronse varias campañas de difusión:

– **Xornada de benvida para o alumnado da UDC (19/09/2024)**

Ao igual que o curso pasado, aproveitouse a xornada de benvida dirixida ao novo estudiantado da UDC para dar a coñecer a Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX), así como para informar sobre os distintos tipos de acoso e a existencia dun protocolo contra o acoso da nosa universidade. Colocáronse dous puntos informativos: un no campus de Ferrol, en horario de 11 a 14 h; e outro no Estadio Universitario, no campus de Elviña, de 12:00 a 14:30 h e de 15:30 a 18:00 h. Atendéronse mais de 850 persoas durante esta xornada (achéganse as fotos do evento de inicio do curso 2024/2025).





OIX
Oficina para a Igualdade de Xénero

Onde estamos?

- OFICINA PARA A IGUALDADE DE XÉNERO NO CAMPUS DE ELVIÑA**
Pavillón de Estudantes do Campus de Elviña,
15008 A Coruña
- OFICINA PARA A IGUALDADE DE XÉNERO NO CAMPUS DE FERROL**
Edificio de Servizos Administrativos do Campus Esteiro,
15403 Ferrol

TAMÉN PODES CONTACTAR CONNOSCO:

- ✉ oficina.igualdade@udc.gal
- ☎ 881 011 952
- 🌐 www.udc.es/gl/oficinaigualdade

Instagram

OIX oficina_igualdade_udc

SÍGUENOS EN INSTAGRAM

342245 Like

298

19 de setembro

@oficina_igualdade_udc

Oficina para a Igualdade de Xénero
Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Lingüaxe
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

OIX

Figura 6. Fotografías da xornada de benvida no Campus de Ferrol e no Campus de Elviña

– **Campaña de difusión DESLÍGATE V para sensibilizar o alumnado sobre as violencias de xénero nos ámbitos deportivos**

Publicase o número 5 do noso xornal *DESLÍGATE*. Como en anos anteriores, trátase dunha campaña onde se simula un xornal deportivo, coa finalidade de mostrar novas sobre a muller no deporte tanto no que respecta aos logros deportivos, que moitas veces quedan invisibilizados, como no tocante ás situacións de violencia sexual e acoso que sofren neste ámbito.



Figura 7. Portada do xornal para sensibilizar o alumnado sobre as violencias de xénero no deporte

Este cuarto número ten os seguintes contidos entre outros:

- Corresponsabilidade e coidados
- Prevención das violencias machistas
- Ciberviolencias e coidados dixitais
- Acoso sexual: identificar e actuar
- Feminismo e non violencia: todas somos Palestina
- Recomendacións feministas de actualidade para ler, oír e ver.
- Coñecendo o CEXEF

– **Campaña de organizada polo 25N para sensibilizar a comunidade universitaria sobre os discursos misóxinos e negacionistas da violencia de xénero que aparecen nas RRSS.**

Baixo o lema “Bro, meu neno....Que non te líen” desenvolveuse unha campaña co obxectivo de sensibilizar e concienciar á comunidade universitaria ante o auxe da propagación de discursos antifeministas, misóxinos e negacionistas da violencia de xénero, que a xuventude (máis concretamente, rapaces e homes) consumen acotío no conxunto de espazos virtuais que conforman a machosfera. Por isto, a campaña xurdiu coa finalidade de rachar falsas crezas e desmontar bulos (ou fake news) que están sendo difundidos por multitude de creadores de contido a través de redes sociais, tales como Instagram, TikTok, X, YouTube ou

Twitch. E ademais fomentar o pensamento crítico para propiciar un cambio de actitudes e comportamentos nos mozos. Para iso, elaborouse un vídeo “spot”, que captou a atención do alumnado universitario antes das accións participativas, difundíndose durante a primeira semana de novembro. na conta da OIX en Instagram. Na seguinte semana, levouse a campaña ás facultades e centros da UDC, segundo o calendario que se achega na figura. Desprazouse un “photocall” coa imaxe e slogan da campaña e fóronse mostrando nunha tablet os sketch do vídeo promocional da campaña (xunto cunha selección doutros contidos de streamers) para que o alumnado deixase as súas reflexións arredor dese tipo de bulos, buscando que reflexionasen sobre a importancia de non dar voz a este tipo de discursos. Coas reaccións, as caras e os comentarios gravouse un vídeo no que, de forma espontánea, cuestionan e deslexitiman os roles tradicionais masculinos do que significa ser home na nosa sociedade (principalmente, baseados na figura de provedor e conquistador sexual).

11 ao 15 de nov.	Luns 11	Martes 12	Mércores 13	Xoves 14	Venres 15
Campus Ferrol	ESCOLA POLITÉCNICA DE ENXEÑARÍA DE FERROL - UDC DE 09:00 A 11:00H				
	ESCOLA UNIVERSITARIA DE DESEÑO INDUSTRIAL - UDC DE 12:00 A 14:00H				
Campus Coruña		FACULTADE DE INFORMÁTICA - UDC DE 09:00 A 11:00H	FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA – UDC DE 09:00 A 11:00H	ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE NÁUTICA E MÁQUINAS – UDC DE 09:00 A 11:00H	
		ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS – UDC DE 12:00 A 14:00H	FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA – UDC DE 12:00 A 14:00H	FACULTADE DE SOCIOLOXÍA – UDC DE 12:00 A 14:00H	

Táboa 5: Calendario das accións participativas da campaña do 25N

Como resultado da acción participativa desenvolta nas facultades, e coas mellores aportacións e mensaxes recollidas, elaborouse un audiovisual para difundir nas RR.SS e darlle maior visibilidade á campaña. Así mesmo, este vídeo proxectouse no evento do 25 de novembro.

“Bro, meu neno....Que non te líen”

**Ligazón [INSTAGRAM](#).
Impacto nas RRSS**



Vídeo "Spot"

<https://www.instagram.com/p/DCHIn9KM-J2/>



Esta é unha "pick me girl!"

oficina_igualdade_udc
Audio original

oficina_igualdade_udc 🗨️ Chegou o día!
Bro, meu, neno... Que non te lién! #SúmateeRestaMachismo
#25N Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres

@udc_oficial @ddaepferrol @delegacioneps @beupferrol @facultadehyd @enfermeria.podologia.udc @bibliopatin_udc @cafeteriacampusferrol @laboratoriodeplasticos @udc.saudable @oficina_medio_ambiente_udc @concellodeferrol @sustainability_udc @centrolinguas_udc @cufie_udc @fundacion_udc @pat.fhed.udc @biblioecat.udc @caminosudc @euatac_udc @espazocompartido_udc @oix.fee.udc @biblioief.udc @biblioteca_nautica.udc @fic_udc @biblioief.udc @consellosocialudc @decaminosudc @alumnos_fee_udc @udcbibliocomsoc @greencampus_ciencias @fdesociologiaudc @ocvudc @hercle_udc @bibliotsac_udc @bibedu_udc @bibedu_udc @istoenormal @innova_udc @_ciferrol @epef_udc
3 sem Ver traducción

Para ti ▾

cookies.and.creamm 🍪🍪🍪🍪
2 sem Responder

educadoo.off Hola, mi primo pequeño también tiene autismo. ¡Es lindo ver que la gente crea conciencia sobre las personas con nuestra condición! Te envío abrazos y besos 🤗💕🙏

Ver insights Volver a promocionar


Les gusta a oix.fee.udc y 335 personas más
8 de noviembre

Añade un comentario... Publicar

Publicado: 08/11/2024
Nº visualización: 31.550
Gústames: 336

Calendario das accións participativas

<https://www.instagram.com/p/DCOfBtpNQdP/>



BRO, MEU, NENO...
#Súmate e resta machismo

QUE NON TE LIÉN

oficina_igualdade_udc

oficina_igualdade_udc 🗨️ Bro, meu, neno... Que non te lién!

Toma nota, estas son as datas e as facultades nas que estaremos:

- Luns 11
De 09:00 a 11:00h. 📍 Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol
De 12:00 a 14:00h. 📍 Escola Universitaria de Deseño Industrial
- Martes 12
De 09:00 a 11:00h. 📍 Facultade de Informática
De 12:00 a 14:00h. 📍 Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camións, Canais e Portos
- Mércoles 13
De 09:00 a 11:00h. 📍 Facultade de Ciencias do deporte e a Educación Física
De 12:00 a 14:00h. 📍 Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas
- Xoves 14
De 09:00 a 11:00h. 📍 Facultade de Economía e Empresa
De 12:00 a 14:00h. 📍 Facultade de Socioloxía

Achégate a participar na campaña e lévate un agasallo 🎁 por deixarnos a túa opinión.

#súmateerestamachismo

@udc_oficial @ddaepferrol @delegacioneps @beupferrol @facultadehyd @enfermeria.podologia.udc @bibliopatin_udc @cafeteriacampusferrol @laboratoriodeplasticos @udc.saudable

Ver insights Promocionar publicación

Les gusta a almasmeraki y 18 personas más
11 de noviembre

Añade un comentario... Publicar

Publicado: 11/11/2024
Nº visualización: 593
Gústames: 19

Vídeo 1: Por qué nos importa a manofera?


<https://www.instagram.com/reel/DCyt6wovCKj/>



Publicado: 25/11/2024
Nº visualizacións: 1339
Gústames: 25

Vídeo 2: Por qué nos importa a manofera?

<https://www.instagram.com/p/DC1QglYhYw0/>



Publicado: 26/11/2024
Nº visualizacións: 569
Gústames: 14

Vídeo 3: Por qué nos importa a manofera?

Publicado: 27/11/2024

https://www.instagram.com/oficina_igualdade_udc/reel/DC3wtTzNt62/



Nº visualizacións: 464

Gústames: 19

Vídeo 4: Por qué nos importa a mansfera?

https://www.instagram.com/oficina_igualdade_udc/reel/DC6W86rSb5G/



Publicado: 28/11/2024

Nº visualizacións: 529

Gústames: 16


Vídeo 5: Por qué nos importa a mansfera?

Publicado: 29/11/2024

<https://www.instagram.com/p/DC864k2upmJ/>

Nº visualizacións: 335

Gústames: 13



Oficina para a Igualdade de Xénero
Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

os homes temos que aizar a voz
contra esta inxustiza.

Oficina para a Igualdade de Xénero
Audio original

Oficina para a Igualdade de Xénero Por que nos importa a mansofera?
Porque nos infúe!

As mensaxes que circulan impactan en como a sociedade ve ás mulleres. Se as normalizamos, reforzamos estereotipos que nos afectan a todas as persoas.

Vexamos que opina a mocidade da UDC! 🗣️

#Súmateerestamachismo

#25N Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres

@udc_oficial @ddaepsferrol @delegacioneps @beupferrol @facultadehyd @enfermeria.podologia.udc @bibliopatin_udc @cafeteriacampusferrol @laboratoriodeplasticos @udc.saudable @oficina_medio_ambiente_udc @concellodeferrol @sustainability_udc @centrolinguas_udc @cufie_udc @fundacion_udc @pat.fhed.udc @biblioat.udc @caminosudc @euatac_udc @espazocompartido_udc @oix.fee.udc @biblioief.udc @biblioteca_nautica.udc @fic_udc @biblioief.udc @consellosocialudc @decaminosudc @alumnos_fee_udc @udcbibliocomsoc @greencampus_ciencias @fdesocioloxiaudc @ocvudc @hercle_udc @biblioetsac_udc @bibedu_udc @bibedu_udc @istoenormal @innova_udc @ciferral @epuf_udc

4 días Ver traducción

Ver insights Promocionar reel

Les gusta a oix.fee.udc y 12 personas más
Hace 4 días


Añade un comentario... Publicar

Táboa 6: Vídeos publicados nas RRSS Campaña do 25N

3. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 5: IMPULSO DA FORMACIÓN QUE GARANTE A MELLOR RESPOSTA ASISTENCIAL

a. Organización de cursos e xornadas de formación orientadas a alumnado e profesorado das titulacións relacionadas co ámbito do audiovisual, ademais de a xornalistas (medida 5.224)

Dentro do Plan de formación en igualdade de xénero organizáronse varios cursos específicos nesta temática dirixidos ao alumnado da Facultade de Ciencias da Comunicación (véxase a táboa 2). Nos cursos «Comunicar en igualdade», así como no «Obradoiro de creación de memes feministas», falouse sobre os nesgos e a discriminación que moitas veces atopamos nas noticias difundidas sobre casos de violencia machista e acoso sexual.



"ser bisexual es que te gusten ambos géneros"



"ser bisexual es que te de igual estar con una que con dos"





Types of Headaches

Migraine



Hypertension



Stress



"el día del hombre
también debería existir"



Figura 8: Trabajo do alumando "Memes feministas" en Ciencias da Comunicación.



4. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 8: VISUALIZACIÓN E ATENCIÓN A OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

a. Organización da II Xornada Interuniversitaria Galega Submisión química e Violencia machista (medida 8.255 e medida 8.265)

A xornada organizouse o 18 de abril do 2024 en formato en liña, como un foro no que reunir persoas expertas en diferentes temas relacionados con este tipo de violencias sexuais. Por segundo ano consecutivo fíxose unha xornada interuniversitaria organizada en conxunto coa USC e a UVigo. Este ano incluíuse a colaboración da asociación FARAXA que falou do papel da submisión química na trata e prostitución.

Estruturouse coma catro relatorios en que interviñeron as seguintes persoas expertas:

- A violencia sexual en espazos de ocio. Protocolos de abordaxe comunitario. Amaya I. Díez Rodríguez Técnica de Prevención. Noctambul@s. Observatorio sobre as violencias sexuais en contornos de ocio nocturno e consumo de drogas (FSC)
- Actuación nos casos de submisión química: protocolos de detección e asistencia nos centros hospitalarios. Francisco José Aramburu Vilariño. Director de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario De Ourense
- Acompañamento das vítimas de violencia sexual e submisión química. Ana Cobo Fernández, Psicóloga do Centro de Información da Muller Ferrol.
- Submisión química trata e violencia Sexual. ASOCIACIÓN FARAXA




Figura 9: Cartel do programa da II Xornadas Interuniversitarias Galegas sobre a submisión química



Figura 10: Inauguración da Xornada Interuniversitaria sobre submisión química


A xornada tivo moi boa acollida con mais de 75 participantes (os relatorios presentados poden [verse na ligazón](#)).

b. Concurso María Balteira de creacións artísticas para a prevención do acoso e para dar publicidade ao protocolo de actuación ante situacións de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero (medida 8.254)

Dentro do plan de comunicación do Protocolo da UDC, organizouse un concurso para elaborar diferentes creacións artísticas que axudasen a coñecer o protocolo contra o acoso entre a comunidade universitaria. No anexo IV inclúense as bases do concurso e a resolución coas persoas premiadas nesta edición. Este ano premiáronse dous cartaces e un vídeo (na [seguinte ligazón](#) pódese ver a creación da autora Coral López Viqueira). No anexo IV recóllese a documentación asociada a este concurso.



1º Premio Cartaz. Autora: Natalia Cea Rodríguez



2º Premio Cartaz. Autora: Antía Iglesias Iglesias



1º Premio Vídeo. Autora: Coral López Viqueira

Figura 11. Gañadoras do premios María Balteira





5. LISTAXE DE ANEXOS

Anexo I. Fichas resumo dos cursos de formación dirixidos ao alumnado

Anexo II. Fichas resumo dos cursos de formación dirixidos ao profesorado e persoal técnico de xestión e administración e servizos

Anexo III. Convocatoria e resolución do XII Concurso Ángeles Alvariño

Anexo IV. Convocatoria e resolución do Concurso María Balteira de creacións artísticas para a prevención das violencias sexistas na UDC

ANEXO I

Fichas resumo dos cursos de formación dirixidos ó alumnado

FICHA DO CURSO
PLAN DE APOIO Á APRENDIZAXE
CURSO 23/24

Actividade Curso **Código:** PAA/230

Título **Violencia dixital de xénero: da prevención á responsabilidade penal**

Destinatarios	Alumnado da Universidad da Coruña	
Requisitos		
Duración	10 horas	
Data e horario	7, 12, 14, 19 e 21 de marzo de 2024 de 18:00 a 20:00	
Lugar / Modalidade	On-line	Plataforma Teams da Universidade da Coruña
Prazas	30	

Obxectivos

- Formar sobre o uso axeitado e crítico de Internet e das novas tecnoloxías
- Definir a violencia dixital de xénero
- Explicar os principais fenómenos criminais de violencia dixital
- Sensibilizar sobre as consecuencias da violencia dixital
- Informar sobre os dereitos das vítimas

Contidos

Bloque I. A violencia dixital: un novo fenómeno criminal

Bloque II. A protección da privacidade no ciberespacio: medidas

Bloque III. Violencia dixital e responsabilidade penal: principais tipos penais

- 2.1. Cyberstalking
- 2.2. Instalación de sistemas espía en dispositivos dixitais
- 2.3. Sexting
- 2.4. Grooming
- 2.5. Sextorsion

Bloque IV. Os dereitos das vítimas: primeiros pasos

Profesorado

Nome: Natalia Pérez Rivas

Observacións e recursos:

Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.

Actividade	Curso	Código:	PAA/239
Título	Violencia dixital de xénero: da prevención á responsabilidade penal		
Destinatarios	Alumnado de grao e mestrado da UDC		
Requisitos			
Duración	10 horas		
Data e3 horario	Síncrono por Teams os días 17, 24 e 31 de outubro e 7 e 14 de novembro de 2024 de 18:00 a 20:00		
Lugar / Modalidade	Microsoft Teams	Virtual síncrono	
Prazas	30		

Obxectivos

- Formar sobre o uso axeitado e crítico de Internet e das novas tecnoloxías
- Definir a violencia dixital de xénero
- Explicar os principais fenómenos criminais de violencia dixital
- Sensibilizar sobre as consecuencias da violencia dixital
- Informar sobre os dereitos das vítimas

Contidos

Bloque I. A violencia dixital: un novo fenómeno criminal
Bloque II. A protección da privacidade no ciberespacio: medidas
Bloque III. Violencia dixital e responsabilidade penal: principais tipos penais
2.1. Cyberstalking
2.2. Instalación de sistemas espía en dispositivos dixitais
2.3. Sexting
2.4. Grooming
2.5. Sextorsion
Bloque IV. Os dereitos das vítimas: primeiros pasos

Metodoloxía

Sesións síncronas por Teams.

Profesorado

Nome: Natalia Pérez Rivas (Universidade de Santiago de Compostela)

Observacións e recursos: Conexión a internet e dispositivo.

Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.

Actividade	Curso	Código:	PAA/240
-------------------	-------	----------------	---------

Título	Prevención da violencia de xénero na UDC
---------------	---

Destinatarios	Alumnado de grao e mestrado da UDC	
Requisitos		
Duración	10 horas	
Data e horario	15 de outubro ao 15 de novembro (campus virtual) e 15 e 29 de outubro e 5 de novembro do 2024 de 10:00 a 12:00 por videoconferencia (Microsoft Teams)	
Lugar / Modalidade	Microsoft Teams	Virtual síncrono e asíncrono
Prazas	30	

Obxectivos

- Comprender o fenómeno das violencias relacionadas co xénero como problema social do que tamén se ve afectada a UDC poñendo o centro de interese no acoso sexual e sexista, por orientación sexual ou expresión de xénero.
- Favorecer o coñecemento de todas as súas manifestacións e as consecuencias nas persoas involucradas reflexionando sobre o impacto na persoa vítima principalmente e no grupo do que forma parte, tendo en conta á persoa ou persoas que agrediron.
- Facilitar a adquisición de competencias na abordaxe desta problemática nas persoas responsables acollendo á persoa que sufriu a situación de violencia promovendo a súa seguridade, confidencialidade e respecto ás súas necesidades, decisións e ritmo.

Contidos

1. Violencias relacionadas co xénero: orixe, causas e consecuencias sociais para a comunidade e para as persoas que as padecen.
2. Tipos de violencias relacionadas co xénero: manifestacións, características, indicadores e consecuencias en quen as sufra.
3. Violencias relacionadas co xénero en situacións de especial vulnerabilidade no marco universitario, acoso sexual e sexista, por orientación sexual ou expresión de xénero: tipos, características e consecuencias.
4. Prevención e detección: dúas dinámicas estreitamente relacionadas. Factores de vulnerabilidade e factores de protección nos espazos físicos e virtuais da universidade, nas dinámicas organizativas e de relación entre os diferentes axentes da universidade (departamentos, escolas, persoal e alumnado).
5. A persoa vítima, a persoa que agrede e o grupo.
6. Como actuar en cada situación poñendo á persoa no centro de interese: acollida e primeira entrevista, derivación a outros recursos, acompañamento para garantir un clima libre de violencias de xénero.
7. O enfoque interseccional e comunitario cando hai características engadidas á situación de vulnerabilidade (orixe, estatus socioeconómico, diversidade funcional, diversidade sexual, outros).

Metodoloxía

1. Conferencias síncronas, completadas con material de lectura e actividades.
2. Caso práctico dunha situación real: cada persoa analizará un caso de xeito individual para poñela en común, na terceira clase on line primeiro en subgrupos e posteriormente en plenario.

Profesorado

Nome: Aitziber Bañuelos Ganuza, Educadora Social especialista en violencia machistas, maltrato infantil y victimología. Coordinadora de proyectos en Eraikiz Kolektiboa y asesora externa en la Dirección para la Igualdad de la UPV/EHU.

Observacións e recursos: Conexión a internet e dispositivo.

Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.

PLANO DE APOIO AO DOUTORAMENTO E Á INVESTIGACIÓN 2023-2024 FICHA DE DATOS

Actividade	Curso	Código:	PAI/178
-------------------	-------	----------------	---------

Título	Análise de xénero na investigación
---------------	---

Destinatarios	Alumnado de doutoramento da UDC	
Requisitos		
Duración	12 horas	
Data e3 horario	Asíncrono no campus virtual, do 2 ao 31 de maio de 2024 Síncrono por Teams os días 9, 16 e 23 de maio de 9:30 a 12:30	
Lugar / Modalidade	Campus Virtual Microsoft Teams	Semivirtual
Prazas	30	

Obxectivos

A través de numerosos exemplos, este curso tratará de mostrar como a actividade investigadora non está exenta de "sesgos de xénero".

Insistirase fundamentalmente en 3 aspectos esenciais:

1. como a investigación carente de perspectiva de xénero produce unha mala ciencia
2. como unha comunicación sen perspectiva de xénero transmite de "maneira sesgada" os resultados científicos e,
3. como no ámbito da investigación, acoso sexual e por motivos de sexo impide que moitas mulleres desenvolvan as súas carreiras con liberdade e o éxito esperado.

Contidos

Na sesión asíncrona daríanse unhas pinceladas "máis teóricas" sobre estes tres grandes temas elixidos.

Cada unha das tres sesións posteriores dedicaríase a un dos tres temas indicados nos obxectivos. Entendemos (pola formación da profesora do curso que se dedica á divulgación da ciencia e pola diversidade de disciplinas das que pode proceder o alumnado deste curso) que a maneira de interiorizar que a perspectiva de xénero é transversal a calquera actividade investigadora debe facerse a través de exemplos precisos e contundentes.

- Actividade 1 - Presentación das participantes e posta en común de experiencias previas e expectativas.
- Actividade 2 - Lectura de materiais e visionado de vídeo. Discusión e clarificación de conceptos nun foro ou similar.

Segunda semana (21-27 de outubro). 2,5h

- Actividade 3 – Lectura de materiais e visionado de vídeo: a) Intercambio de exemplos de prácticas docentes con perspectiva de xénero e b) Diagnóstico e identificación do problema ou necesidade e do contexto de intervención.

Terceira semana (28 de outubro - 3 de novembro). 3h

- Actividade 4 - Cada participante, parella ou pequeno grupo de 3 persoas elaborará unha proposta para dar resposta ao propósito plantexado e poñerase por escrito empregando unha ficha. As propostas elaboradas por todas as participantes compartiranse no entorno virtual, de maneira que todo o mundo poida velas e facer comentarios. As profesoras darán un feedback xeral e resolverán as dúbidas que se plantexen de forma asíncrona.

Sesión síncrona (6 de novembro de 16:30 a 18:30 a través de Teams). 2

- Nesta última sesión poranse en común as propostas de deseño, así como as reflexións, dificultades, ideas, etc. que se xeraron no desenvolvemento da actividade 4 e abrírase unha discusión colectiva.

Profesorado

Nome: Iolanda García González e Míriam Arenas Conejo (Universitat Oberta de Catalunya)

Observacións e recursos: Conexión a internet.

Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.

FICHA DO CURSO - PFOIX 2024-2025

Actividade	Curso de Formación	Código:	
-------------------	--------------------	----------------	--

Título	Atención ó acoso sexual e sexista, por orientación sexual ou expresión de xénero na UDC. Prevención, detección, primeira actuación e acompañamento no contexto universitario.
---------------	--

Destinatarios	PTXAS da UDC	
Requisitos		
Duración	12 horas	
Data e horario	Sesións síncronas: luns 14 (11:00 h a 14:00 h), luns 28 de outubro (9:00h a 11:50h), e luns 4 de novembro (11:00h a 14:00h). Caso práctico: 3h	
Lugar / Modalidade	Microsoft Teams	Virtual
Prazas	30	

Obxectivos

- Comprender o fenómeno das violencias relacionadas co xénero como problema social do que tamén se ve afectada a UDC poñendo o centro de interese no acoso sexual e sexista, por orientación sexual ou expresión de xénero.
- Favorecer o coñecemento de todas as súas manifestacións e as consecuencias nas persoas involucradas reflexionando sobre o impacto na persoa vítima principalmente e no grupo do que forma parte, tendo en conta á persoa ou persoas que agrediron.
- Facilitar a adquisición de competencias na abordaxe desta problemática nas persoas responsables acollendo á persoa que sufriu a situación de violencia promovendo a súa seguridade, confidencialidade e respecto ás súas necesidades, decisións e ritmo.

Contidos

1. Violencias relacionadas co xénero: orixe, causas e consecuencias sociais para a comunidade e para as persoas que as padecen.
2. Tipos de violencias relacionadas co xénero: manifestacións, características, indicadores e consecuencias en quen as sufra.
3. Violencias relacionadas co xénero en situacións de especial vulnerabilidade no marco universitario, acoso sexual e sexista, por orientación sexual ou expresión de xénero: tipos, características e consecuencias.
4. Prevención e detección: dúas dinámicas estreitamente relacionadas. Factores de vulnerabilidade e factores de protección nos espazos físicos e virtuais da universidade, nas dinámicas organizativas e de relación entre os diferentes axentes da universidade (departamentos, escolas, persoal e alumnado).
5. A persoa vítima, a persoa que agrede e o grupo.
6. Como actuar en cada situación poñendo á persoa no centro de interese: acollida e primeira entrevista, derivación a outros recursos, acompañamento para garantir o desenvolvemento laboral nun clima libre de violencias de xénero.
7. O enfoque interseccional e comunitario cando hay características engadidas á situación de vulnerabilidade (orixe, estatus socioeconómico, diversidade funcional, diversidade sexual, outros).

Metodoloxía

1. Conferencias síncronas, completadas con material de lectura e actividades.
2. Caso práctico dunha situación real: cada persoa analizará un caso de xeito individual para poñela en común, na terceira clase on line primeiro en subgrupos e posteriormente en plenario.

Profesorado

Nome: Aitziber Bañuelos Ganuza, Educadora Social especialista en violencias machistas, maltrato infantil y victimología. Coordinadora de proxectos en Eraikiz Kolektiboa y asesora externa en la Dirección para la Igualdad de la UPV/EHU.

ANEXO III

XII Concurso Ángeles Alvariño. Convocatoria e resolución

XII Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño

A Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña (UDC), dependente da Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade, cónvoca o XII Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño, co obxecto de incentivar a realización de traballos que inclúan a perspectiva de xénero por parte do alumnado de grao e mestrado e contribuír deste xeito, a promover a introdución da perspectiva de xénero na investigación e na docencia.

BASES DO CONCURSO

PARTICIPANTES

Poderán presentarse os traballos de fin de grao (TFG) e de fin de mestrado (TFM) defendidos no curso 2023/24 en calquera das titulacións oficiais de grao e mestrado impartidas na UDC.

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ PRESENTAR

- a) O modelo de solicitud, que se inclúe como **Anexo 1**, debidamente cuberto. Achegarase nel a ligazón a un cartafol que conterá os seguintes arquivos:
- Documento íntegro do TFG ou TFM que se presenta ao concurso. O ficheiro deberá nomearse <TFG-apelido1-apelido2> ou <TFM-apelido1-apelido2> segundo corresponda.
 - Un resumo do traballo realizado (entre 1500 e 3000 palabras) en que se describan os obxectivos do traballo, metodoloxía e conclusións así como a forma en que se introduciu a perspectiva de xénero no traballo presentado. Nome do ficheiro: <Res-TFG-apelido1-apelido2> ou <Res-TFM-apelido1-apelido2>, tamén segundo corresponda.
 - Copia do DNI escaneado.
- b) O consentimento para a obtención de datos persoais, captación e difusión de imaxes, que se inclúe como **Anexo 2**, debidamente cuberto e asinado.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A documentación entregárase **preferentemente** a través do **registro electrónico** ó que se pode acceder desde o seguinte enderezo:

https://sede.udc.gal/services/telematic_register

A solicitud dirixírase a Servizos - Oficina para a Igualdade de Xénero (seleccionando estas opcións no apartado **Destinado a*** do formulario), para o que se precisa dispoñer dun certificado electrónico emitido pola FNMT. Non se admitirán as solicitudes realizadas a través do correo electrónico. Tamén poderán presentarse **presencialmente en calquera dos seguintes rexistros da UDC:**

- a) Rexistro Xeral: Reitoría, rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña.
- b) Rexistro Auxiliar de Elviña, local n.º 1 (baixo) da Facultade de Ciencias (A Zapateira).
- c) Rexistro Auxiliar de Ferrol: Edificio de Apoio ao Estudo, Avenida de Vigos/n, Campus de Esteiro, 15403 Ferrol.

Se a solicitude non cumpre todos os requisitos documentais, requiriráselle á persoa interesada para que, nun prazo de cinco días, emende os erros ou deficiencias que se detecten, de conformidade co artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Considerarase que desiste da solicitude quen non responda en prazo ao devandito requirimento. Para os efectos de requirimento e notificación, a comunicación por correo electrónico considerarase válida, de acordo co artigo 41 da devandita lei.

A UDC resérvase o dereito de poder esixir-lles ás persoas seleccionadas aqueles documentos que estime oportunos para acreditar a súa vinculación con ela.

Recoméndase presentar os traballos en idioma galego, lingua propia da UDC, que tal como establece o artigo 5.2 dos seus estatutos, constitúe o seu vehículo normal de expresión, debendo fomentarse o seu uso en todas as actividades da universidade.

Coa finalidade de presentar o traballo a estes premios nos que a perspectiva de xénero é unha cuestión importante a valorar, permitirase realizar modificacións no traballo tales como cambios na forma de citación, adaptacións ou addendas.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día de publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC ata o **4 de outubro do 2024**.

As listaxes de admisión provisional e definitiva de participación no concurso publicaranse no dito taboleiro de anuncios ao que se pode acceder a través da ligazón <https://sede.udc.gal/>

NATUREZA E CONTÍA DOS PREMIOS

Para a concesión destes premios destinarase un total de 5.000 € con cargo á partida orzamentaria 1706 321A 6400008

O xurado seleccionará os dous mellores TFM entre todos os presentados, e os dous mellores TFG de cada unha das seguintes áreas:

- a) Artes e Humanidades
- b) Ciencias e Ciencias da Saúde
- c) Ciencias Sociais e Xurídicas
- d) Enxeñaría e Arquitectura

Teranse en conta, entre outros aspectos, a relevancia e a orixinalidade da súa temática e das

súas achegas, a calidade do traballo e a dificultade da súa realización, e os criterios relativos á perspectiva de xénero.

As contías dos premios serán as seguintes:

- a) **TFG** por cada área: 1.º premio, 800 € e diploma acreditativo; 2.º premio 200€, e diploma acreditativo.
- b) **TFM**: 1.º premio, 800 € e diploma acreditativo; 2.º premio 200€, e diploma acreditativo.

Os premios están suxeitos á normativa que rexe os impostos das persoas físicas e aplicaráselles as retencións de IRPF que procedan, o que pode diminuír a contía final que se perciba. Se o xurado o estima conveniente, poderá deixar algúns ou todos os premios desertos. No primeiro caso, a dotación correspondente a estes integrárase nas restantes categorías.

O xurado encargado da selección dos traballos premiados estará composto polas seguintes persoas:

-Presidenta: Cristina López Villar, vicerreitora de Igualdade e Diversidade ou a persoa en quen delegue, PDI da UDC.

-Secretaria: Ana M.ª Neira Pena, directora da Oficina para a Igualdade de Xénero, PDI da UDC.

Vogais titulares:

- M.ª José Abad López, PDI da UDC.
- Asunción López Arranz, PDI da UDC.
- Ana Jesús López Díaz, PDI da UDC.
- Mar Rodríguez Romero, PDI da UDC.
- Rosario Mascato Rey, PDI da UDC.

A secretaria actuará con voz pero sen voto. No caso de que algunha das persoas nomeadas como vogais titulares non puidese participar no xurado, por dirixir ou titorizar calquera dos traballos que se presenten ao concurso, ocuparían o seu posto as persoas nomeadas como vogais suplentes, que son as seguintes:

- Laura Milagros Castro Souto, PDI da UDC.
- María Alicia Arias Rodríguez, PDI da UDC.
- Ana Sánchez Bello, PDI da UDC.
- Emma López Bahut, PDI da UDC.

O xurado resolverá todas as cuestións non reflectidas nesta convocatoria e que puideren suscitarse. A súa decisión será firme e inapelable.

No caso de que a especificidade temática dos traballos o esixa, poderanse nomear persoas expertas que asesoren o xurado.

A resolución do xurado publicarase na páxina da sede electrónica da UDC:

<https://sede.udc.gal/>

A participación no XII Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño comporta a aceptación expresa do contido destas bases.

PROTECCIÓN DE DATOS

As persoas candidatas deben asinar e entregar, xunto coa súa solicitude, o documento incluído como **Anexo 2**, de consentimento para a obtención de datos persoais: captación e difusión de imaxes.

Anexo 1. Solicitude de participación no XII Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño

Nome:

.....

Apelidos:

.....

DNI:

Correo electrónico:

.....

Teléfono de contacto:

Enderezo postal:

.....

.....

Modalidade: Traballo de fin de grao Traballo de fin de mestrado

Área temática:

.....

Ligazón ao ficheiro onde se atopa a obra presentada ao concurso:

.....

Nota: recoméndase compartir o arquivo mediante OneDrive. En OneDrive, prémese co botón dereito do rato sobre o ficheiro que se desexa compartir, selecciónase **Compartir** e, acto seguido, **calquera persoa que teña o vínculo/Aplicar/Copiar Vínculo**.

Titulación:

.....

Título do traballo:

.....

Data de presentación:

Cualificación obtida:

Titor/a ou director/a do traballo:

.....

....., de de 2024

Asinado:

Anexo 2. Consentimento para a obtención de datos persoais: captación e difusión de imaxes

En virtude do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informámolo/a de que os datos que nos facilite serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son os seguintes: rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal

Mediante a sinatura deste documento, autoriza a UDC á **captación de imaxes e/ou voz (fotografías e vídeos) con motivo da participación no acto de entrega do premio do XI Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño**. Así mesmo:

- a) Autoriza a utilizar os datos tomados en calquera das contas oficiais das redes sociais da UDC, na súa páxina web, informes internos ou calquera publicación que esta entidade edite ou publique;
- b) Autoriza a que os seus datos sexan cedidos ou comunicados aos seguintes destinatarios: **medios de comunicación locais, autonómicos e nacionais (prensa escrita/dixital, TV e radio)**.

Os datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante un período de seis anos.

En calquera caso, a persoa interesada terá dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Tales dereitos poderanse exercer dalgunha das seguintes formas:

- a) Principalmente, a través do Formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir desde a Sede Electrónica da UDC, no apartado Outros trámites.
- b) Mediante unha solicitude dirixida á persoa responsable de tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), enviada por correo postal ao enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña, ou ben por correo electrónico ao enderezo orpd@udc.gal. Tamén poderá presentarse esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.
- c) Mediante unha solicitude dirixida á delegada de protección de datos da UDC, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, a persoa interesada terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Nome e sinatura da persoa que autoriza (candidato/a):

Lugar e data:

**XII CONCURSO DE TRABALLOS ACADÉMICOS CON PERSPECTIVA
 DE XÉNERO ÁNGELES ALVARIÑO**

Cristina López Villar, presidenta do xurado do XII Concurso de traballos académicos con perspectiva de xénero Ángeles Alvaríño, resolve e fai públicos os nomes das persoas galardoadas nas categorías establecidas nas bases do concurso. De acordo coa convocatoria, publicada na Sede Electrónica o 28 de agosto de 2024, o importe do 1º premio ascende a 800€ e o 2º premio a 200€; nos dous casos entregárase un diploma acreditativo. Tal como prevé a convocatoria, ó resultar dúas áreas desertas a dotación acrece os premios das restantes categorías.

RESOLVE:

1. Premiar na categoría de Trabajo de Fin de Grao:

Nome e apelidos	Título do TFG	Categoría e área
Noemi Vidal Freire	El apego y la culpa: la construcción social de la maternidad en los cuentos de Alejandra Laurenych	1º premio - Artes e Humanidades
Marta Chas Martínez	Educación social: música como ferramenta sócioeducativa feminista	1º premio - Ciencias Sociais e Xurídicas
María José Rojas Cabrera	The Māori According to Katherine Mansfield: A Postcolonial Feminist Approach	2º premio - Artes e Humanidades
Irene Paredes Rivera	La formación de femeninos en -nta en los nombres de profesiones terminados en -nte. Norma y uso.	2º premio - Artes e Humanidades
Ana Pousada Gómez	Retrato da prostitución: A mirada de produción audiovisual cinematográfica española	2º premio - Ciencias Sociais e Xurídicas
Isabel Alfaro Fernández	Rompiendo estereotipos: estudio y propuesta con enfoque de género a través de la Expresión Corporal en Educación Física	2º premio - Ciencias Sociais e Xurídicas

2. Premiar na categoría de Trabajo Fin de Mestrado:

Nome e apelidos	Título do TFM	Categoría
Sara Díaz Lamas	A la caza de las tráfugas: Violencia contra las mujeres lesbianas y bisexuales en el espacio público	1º Premio
Concha Carpente González	Industria Musical e Igualdade de Xénero: unha análise cualitativa de recursos feministas	1º Premio
Begoña González Pardo	Cara a unha Ergonomía Inclusiva: Consideracións de Xénero	1º Premio
Sara González Fernández	Primera Guerra Mundial y empatía histórica: una propuesta didáctica para 4º de la ESO	2º Premio

A Coruña, na data da sinatura dixital.

ANEXO IV

V Concurso María Balteira de creacións artísticas para a prevención das violencias sexistas na UDC. Convocatoria e resolución

V CONCURSO MARÍA BALTEIRA DE CREACIÓNS ARTÍSTICAS PARA A PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS SEXISTAS

A Universidade da Coruña aprobou o Protocolo para a prevención, detección e actuación da UDC ante situacións de violencia de xénero, violencias sexuais, violencias LGTBifóbicas, discriminación ou acoso sexista ou por razón de sexo, orientación afectivo-sexual, identidade ou expresión de xénero e características sexuais no Consello de Goberno do 20 de decembro de 2023.

Este protocolo dispón que todas as persoas teñen dereito a levar a cabo o seu traballo ou a súa actividade libres de acoso sexual e por razón de sexo, con pleno respecto á súa intimidade e integridade física e moral.

A UDC debe contribuír á prevención da aparición de condutas que poidan considerarse sexistas co fin de garantir esa protección tanto ao persoal traballador como ao alumnado.

Coa elaboración dese protocolo a nosa universidade pretende poñer a disposición de calquera persoa que manteña algún tipo de relación con ela unha ferramenta para a prevención e protección fronte a posibles situacións de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero, garantindo sempre a confidencialidade.

OBXECTIVO DA CONVOCATORIA

A Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC, dependente da Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade, convoca un concurso coa finalidade de darlle difusión, publicidade e visibilidade ao protocolo ante situacións de acoso da UDC a través do deseño dun cartel, vídeo, podcast, microrrelato ou micropoema.

SOLICITANTES

Poderán presentarse ao certame de xeito individual todas as persoas integrantes da comunidade universitaria da UDC, isto é, PTXAS, PDI, alumnado dos distintos niveis (graos, mestrados, doutoramento, títulos non EEES) e persoal contratado.

BASES DO CONCURSO

1. Información que debe figurar nas propostas

As propostas presentadas deben orientarse á sensibilización, prevención, detección e loita fronte o acoso sexual ou por razón de sexo ou orientación e identidade sexual. A presentación a través da modalidade de cartel terá como finalidade a difusión do "Protocolo para a prevención, detección e actuación da UDC ante situacións de violencia de xénero, violencias sexuais, violencias LGTBifóbicas, discriminación ou acoso sexista ou por razón de sexo, orientación afectivo-sexual, identidade ou expresión de xénero e características sexuais" da UDC, que se pode atopar na seguinte ligazón:

https://www.udc.gal/gl/oficinaigualdade/protocolo_acoso

2. Requisitos técnicos

As presentacións deben realizarse nos seguintes formatos:

-**Cartel:** entregarse en formato JPG con 300 ppp.

-**Vídeo:** terá unha duración máxima de 2 minutos. Admitiranse microvídeos realizados con dispositivos móbiles ou en plataformas dixitais creadas para tal fin (TikTok, Instagram ou similar) sempre que estean libres de publicidade e que contén cos permisos de reprodución e difusión pertinentes.

-**Podcast:** terá unha duración mínima de 5 minutos e máxima de 10 minutos. Entregarase nun ficheiro en formato MP4.

-**Microrrelatos ou micropoemas:** a extensión máxima será de 200 palabras. Entregarase en formato PDF.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

1. Lugar:

A solicitude presentarase **preferiblemente** a través do **registro electrónico da UDC** cubrindo o formulario na seguinte ligazón:

https://sede.udc.gal/services/telematic_register

Esta solicitude dirixirase a Servizos - Oficina para a Igualdade de Xénero (seleccionando estas opcións no apartado **Destinado a*** do formulario), para o que se precisa dispoñer dun certificado electrónico emitido pola FNMT. Tamén poderán presentarse **presencialmente en calquera dos seguintes rexistros da UDC:**

- Rexistro Xeral: Reitoría, rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña. Rexistro Auxiliar de Elviña, local n.º 1 (baixo) da Facultade de Ciencias (Campus da Zapateira).
- Rexistro Auxiliar de Ferrol: Edificio de Apoio ao Estudo, Avenida de Vigo s/n, campus de Esteiro, 15403 Ferrol.

Non se admitirán as solicitudes realizadas a través do correo electrónico.

2. Requisitos de documentación:

Para a inscrición deberase achegar a seguinte documentación:

- A solicitude** debidamente cuberta, **ANEXO 1**, onde se incluírá a ligazón ao ficheiro correspondente ao cartel, vídeo, podcast, microrrelato ou poema que se presenta ao concurso. **No caso de que a solicitude de participación se realice presencialmente, ademais da presentación**

da solicitude nun dos rexistros da UDC, enviarase un correo a oficina.igualdade@udc.gal coa indicación dos datos persoais e da ligazón aos ficheiros da creación artística, podéndose compartir a través da plataforma OneDrive ou similar.

2. O consentimento para a obtención de datos persoais: captación e difusión de imaxes, ANEXO 2, debidamente cuberto e asinado.

3. Fotocopia do DNI

Só se poderá presentar unha solicitude por persoa para cada unha das categorías do premio, de modo que no caso de presentar solicitudes para varias categorías, farase constar esta circunstancia.

Se a solicitude non cumpre todos os requisitos documentais, requiriráselle á persoa interesada para que, nun prazo de cinco días, os emende de conformidade co artigo 68.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Considerarase que desiste da solicitude quen non responda en prazo ao devandito requirimento. Para os efectos do requirimento e notificación, a comunicación por correo electrónico considerarase válida, de acordo co artigo 41 da devandita lei.

A UDC resérvase o dereito de poder esixirlles ás persoas seleccionadas aqueles documentos que estime oportunos para acreditar a súa vinculación coa Universidade da Coruña. No caso de que aparezan persoas recoñecibles nos vídeos ou no cartel, deberase acompañar do ANEXO 3 asinado polas devanditas persoas (un por persoa) en que autoricen o uso da súa imaxe, ou, en caso de que as devanditas persoas recoñecibles sexan menores de idade, pola nai, pai ou titor/a da/o menor.

Recoméndase nas creacións a utilización do idioma galego, lingua propia da UDC, que tal como establece o artigo 5.2 dos seus estatutos, constitúe o seu vehículo normal de expresión, debendo fomentarse o seu uso en todas as actividades da universidade.

3. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día da publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da UDC, ata o **4 de outubro do 2024**. As listaxes de admisión provisional e definitiva de participación no concurso publicaranse no dito taboleiro de anuncios ao que se pode acceder a través da ligazón <https://sede.udc.gal/>

NATUREZA E CONTÍA DO PREMIO

Para a concesión destes premios destinarase un total de 1000 € con cargo á partida orzamentaria 1706.321A.6400008.

Os premios para as dúas mellores obras na modalidade de **cartel** consistirán nunha dotación económica de:

- Primeiro premio: 300 €
- Segundo premio: 200 €

Para as modalidades diferentes da anterior: **vídeo, podcast, microrrelato ou poema**, establécese tamén a seguinte dotación económica:

- Primeiro premio: 300 €
- Segundo premio: 200 €

As contías dos premios estarán suxeitos á normativa que rexe os impostos das persoas físicas.

Se nalgunha das categorías as obras presentadas non acadan a calidade mínima para ser premiadas, o xurado poderá decidir declarar deserto o premio nesa categoría ou acrecentar as categorías restantes.

DEREITOS

A Universidade da Coruña resérvase o dereito de difusión das obras presentadas en publicacións e exposicións relacionadas co concurso e na publicidade sobre o protocolo ao que fai referencia o concurso, sempre facendo mención da autora ou autor, que non perde a propiedade do seu traballo. Ademais das obras premiadas, o xurado poderá escoller un número variable de obras que considere de interese para unha posible exposición virtual na páxina web da Universidade ou nalgunha das súas redes sociais.

O xurado poderá realizar suxestións e peticións de cambios técnicos á persoa gañadora, así como as modificacións que considere precisas para que figuren os logotipos oficiais e para facilitar a súa publicación e difusión.

As devanditas obras seleccionadas son propiedade de cada autor/a que só cederán temporalmente os dereitos sobre as imaxes para a exposición que tivese lugar, tras o cal seranlles restituídos.

SELECCIÓN DAS OBRAS PREMIADAS

O xurado encargado da selección das obras premiadas estará composto polas seguintes persoas:

-Presidenta: Cristina López Villar, vicerreitora de Igualdade e Diversidade ou a persoa en quen delegue, PDI da UDC.

-Secretaria: Ana M.^a Neira Pena, directora da Oficina para a Igualdade de Xénero, PDI da UDC.

-Vogais:

-M.^a José Abad López, PDI da UDC.

-Teresa Piñeiro Otero, PDI da UDC.

-Ana Jesús López Díaz, PDI da UDC.

-Carolina Núñez Puente, PDI da UDC.

-Isaac Lourido Hermida, PDI da UDC.

A secretaria actuará con voz pero sen voto. No caso de que a especificidade temática dos traballos o esixa, poderanse nomear persoas expertas que asesoren ao xurado.

O xurado resolverá todas as cuestións non reflectidas nesta convocatoria e que puidesen suscitarse. A súa decisión será firme e inapelable. A resolución que resolva os premios publicárase na Sede Electrónica da UDC <https://sede.udc.gal/>

A participación no concurso comporta a aceptación expresa do contido desta convocatoria.

PROTECCIÓN DE DATOS

As persoas candidatas deben asinar e entregar, xunto coa candidatura, o documento incluído como ANEXO 2, de consentimento para a obtención de datos persoais: captación e difusión de imaxes.

ANEXO 1

CONCURSO MARÍA BALTEIRA DE CREACIÓNS ARTÍSTICAS PARA A PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS
SEXISTAS NA UDC

Nome:

Apelidos :

DNI:

Correo electrónico:

Teléfono de contacto:

Enderezo postal:

Grupo ao que pertence: PTXAS.....PDI.....Alumnado.....Outros.....

Tipo de obra que se presenta: Cartel.....Vídeo.....Podcast.....Microrrelato.....

Participa noutra categoría do mesmo concurso? Si.....Non.....

Ligazón ao ficheiro onde se atopa a obra presentada ao concurso

(no caso de presentar a solicitude presencialmente a través dos rexistros da UDC enviarase un correo electrónico a oficina.igualdade@udc.gal indicado datos persoais e ligazón ao ficheiro):

.....
Nota: recoméndase compartir mediante OneDrive. Desde a aplicación OneDrive, co botón dereito do rato hai que premer no ficheiro que se quere compartir, seleccionar **compartir**, e logo seleccionar **Calquera** **persoa que teña o vínculo/Aplicar/Copiar Vínculo**.

Asinado:.....

ANEXO 2

CONSENTIMIENTO PARA A OBTENCIÓN DE DATOS PERSOAIS: CAPTACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES

En virtude do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informamos de que os datos que nos facilite serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a sinatura do presente documento, autorizo á Universidade da Coruña á **captación de imaxes e/ou voz (fotografías e vídeos) con motivo da participación no acto de entrega do premio CONCURSO MARÍA BALTEIRA DE CREACIÓNS ARTÍSTICAS PARA A PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS SEXISTAS NA UDC**. Así mesmo:

- Autorizo a utilizar os datos tomados en calquera das contas oficiais das redes sociais da Universidade da Coruña, na súa páxina web, informes internos ou en calquera publicación que esta edite ou publique.
- Autorizo a que os meus datos sexan cedidos ou comunicados aos **medios de comunicación locais, autonómicos e nacionais (prensa escrita/dixital, tv e radio)**.

Os datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante un período de seis anos.

En calquera caso, a persoa interesada terá dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao dito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Tales dereitos poderanse exercer dalgunha das seguintes formas:

- Principalmente, a través do “Formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais”, que se pode cubrir desde a Sede Electrónica da UDC no apartado de “Outros trámites”;
- Mediante unha solicitude dirixida á persoa responsable de tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), ao enderezo:

Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

- Mediante unha solicitude dirixida á delegada de protección de datos, ao mesmo enderezo

postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático desta Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Nome e sinatura da persoa que autoriza (candidato/a, se é menor de idade nai, pai ou titor/a do candidato/a):

Lugar e data:

ANEXO 3

CONSENTIMENTO PARA DIFUSIÓN DE IMAXES E/OU VOZ NAS OBRAS PRESENTADAS AO CONCURSO MARÍA BALTEIRA DE CREACIÓNS ARTÍSTICAS PARA A PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS SEXISTAS NA UDC

En virtude do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informamos de que os datos que nos facilite serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a sinatura do presente documento, autorizo á Universidade da Coruña a:

- Difundir a obra onde aparece a miña imaxe e/ou voz **en calquera dos seus centros, nas contas oficiais das redes sociais da UDC, na súa páxina web, informes internos ou en calquera publicación que esta edite ou publique.**
- Difundir a obra onde aparece a miña imaxe e/ou voz nos **medios de comunicación locais, autonómicos e nacionais (prensa escrita/dixital, TV e radio).**

Os datos persoais recollidos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante un período de seis anos.

En calquera caso, a persoa interesada terá dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao dito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Tales dereitos poderanse exercer dalgunha das seguintes formas:

- Principalmente, a través do “Formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais”, que se pode cubrir desde a Sede Electrónica da UDC no apartado de “Outros trámites”;
- Mediante unha solicitude dirixida á persoa responsable de tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), ao enderezo:

Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático desta Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

- Mediante unha solicitude dirixida á delegada de protección de datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar

a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Nome e sinatura da persoa que autoriza (persoa participante, se é menor de idade nai, pai ou titor/a do candidato/a):

Lugar e data:

V CONCURSO MARÍA BALTEIRA PARA A PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS SEXISTAS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Cristina López Villar, vicerreitora de Igualdade e Diversidade, presidenta do xurado, resolve e fai pública a relación das persoas galardoadas neste concurso, con dous premios cun importe de 300€ o 1º premio e 200€ o 2º premio por cada unha das dúas categorías, segundo establece a convocatoria do concurso publicada na Sede Electrónica da UDC o 28 de agosto de 2024:

Na categoría de **cartel**:

- Natalia Cea Rodríguez, **1º premio**.
- Antía Iglesias Iglesias, **2º premio**.

Na categoría de **restantes modalidades** (vídeo, podcast, microrrelato ou poema):

- Coral López Viqueira (vídeo), **1º premio**

Queda deserto o **2º premio** na categoría de restantes modalidades.

A Coruña, na data da sinatura dixital